

Resolución do Comité de Empresa Telefónica - A Coruña

O Comité de Empresa reunido en pleno ordinario o día 07/04/2017 acorda, por maioría, dar o seu apoio público á ILP “Proposición de Lei por Iniciativa Lexislativa Popular de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico”.

Esta Iniciativa Lexislativa Popular pretende dar contido legal e formal ao dereito xa recoñecido dos galegos e galegas a usaren a lingua propia de Galiza nas relacións que manteñen coas empresas como clientes e clientas, consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, e para garantir materialmente, na práctica, o exercicio pleno dese dereito recibindo na mesma lingua todo tipo de información for na sinalización ou na atención oral e escrita.

